



## NAIS E PAIS DO ALUMNADO

### A dirección do CPI Ponte Carreira INFÓRMALLES QUE:

- A [Orde do 6 de maio de 2021](#) que regula a participación no fondo solidario e na adquisición de libros de texto e material escolar está publicada no DOG do 20 de maio de 2021 e as instrucións ao respecto están no portal educativo.
- A asignación de libros do fondo solidario corresponde ao alumnado que no 2021/22 estea escolarizado en 3º e 4º de primaria e que cumpra cos requisitos establecidos.
- As axudas para adquirir libros destínanse ao alumnado escolarizado no 1º e 2º curso de primaria no curso 2021/22, que reúna os requisitos establecidos.
- Poderá adquirir axudas para material escolar o alumnado matriculado en EP, ESO e EE, que acade os requisitos establecidos.
- O alumnado matriculado en 5º e 6º de EP, e en 1º, 2º, 3º, e 4º de ESO, incluído no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2021/22 está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, poderá solicitar a axuda para adquirir material escolar cando garde os requisitos establecidos na citada orde.
- Teñen dereito a solicitar estas axudas todas as familias que o desexen, presentando unha única instancia.
- A solicitude poden cubrila no impreso que se achega con esta circular, e presentala no colexio ou vía telemática na aplicación <http://www.edu.xunta.gal/fondolibros> a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, así como os anexos que están dispoñibles na páxina do centro. Estas solicitudes irán acompañadas dos datos que aleguen: fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar (*se sufriu modificacións con respecto ao presentado con anterioridade*); certificado acreditativo no caso de alegar que algún membro da unidade familiar ten: *discapacidade igual ou superior ao 33%, unha pensión, unha situación de violencia de xénero...*
- Debido a situación Covid que estamos a vivir e de acordo cos protocolos establecidos para a entrada ao centro, **se vostede opta por entregar de xeito presencial no centro esta solicitude así como a documentación que se achega a esta circular, pode facelo no día e hora que se indica no sobre ou ben enviando a documentación a través do seu fillo/a. No caso extraordinario de non poder acudir á cita proposta contacte de xeito telefónico co centro.**
- O prazo de presentación estará aberto ata o 21 de xuño de 2021.
- As axudas terán en conta: a renda per cápita do exercicio 2019, e todo o referente a este cálculo está contemplado nos artigos 3 e 4 da orde referida.

O alumnado beneficiario de fondo libros, no actual curso 2020/21, entregará en bo estado os libros prestados antes de finalizar o curso para seren reutilizados.

Saúdos

Jorge M. Fernández Guzmán  
Director